

Roteiro 2 O Mar e o Campo



Ría de Vigo. X. PACHECO, 1927 (Legado X. Lorenzo)



O MAR

A lonxitude e riqueza biolóxica da costa galega converteu ao mar nunha importantísima fonte de recursos alimenticios e económicos para as poboacións do litoral. Durante séculos a pesca artesanal e o marisqueo foron o sustento das familias mariñeiras. Hoxe en día o mar é unha importante fonte de traballo, directo ou indirecto. Actividades como a pesca, a industria transformadora e conserveira, a acuicultura e a construción naval contribúen de forma significativa ao PIB galego. Para a explotación dos ricos e diversos recursos que o mar proporciona, os mariñeiros galegos empregaron toda unha serie de artes, embarcacións, aparellos e ferramentas de formas e usos moi variados que constitúen unha riquísima cultura material. Pero ao mesmo tempo as xentes do mar construíron unha cultura de seu, con formas de vida particulares, coas súas relacións sociais, crenzas e tradicións. Para a realización das actividades pesqueiras e marisqueiras empregáronse diferentes tipos de embarcacións, algunhas tan específicas que só usaban unha arte determinada, para a que estaban concibidas. En Galicia existiu unha gran variedade de embarcacións destinadas á pesca (dornas, gamelas, xeiteiras, traíñas, chalanas, botes, etc.) adaptadas ao tipo de pesca e ás augas polas que tiñan que navegar. Durante séculos a navegación foi a vela ata que a finais do século XIX se introduciron os motores a vapor, que foron relegados a mediados do século XX polos motores diésel. Para a captura e extracción de peixes, con destino ao consumo ou á transformación, empregáronse durante séculos diferentes artes ou aparellos de pesca. As máis xeneralizadas son as redes, tanto de cerco como de arrastre, que capturan todo o que queda dentro do seu radio de acción e só seleccionan as capturas por tamaños, segundo a apertura das súas mallas. Outro tipo constitúeno as nasas e as artes de anzol, que precisan de engados para atraer e capturar determinadas especies, tanto

de peixes como de mariscos. Para o marisqueo, que se pode realizar a pé ou dende embarcación, empréganse ademais aparellos específicos para desenterrar o marisco da area, como raños ou rastros, ou para despegalos das rochas, como coitelos ou rasquetas.





Ata mediados do século XX, o marisqueo era unha actividade complementaria da agricultura e fornecía de alimento á poboación costeira. Pero o crecemento da demanda dalgunhas especies e o aumento do seu valor económico, encamiñou os esforzos cara a unha maior produción, o que deu lugar á aparición dos cultivos mariños ou acuicultura. Destes cultivos, sen dúbida o máis importante é o do mexillón, por ser Galicia un dos principais produtores do mundo.

No mundo mariñeiro, o mesmo que no labrego, a sociedade estaba baseada en grupos humanos nos que a familia era o núcleo principal e constituía en si mesma unha unidade social e de produción económica sustentada no traballo dos membros que conformaban ese grupo doméstico. Para aumentar a eficacia do traballo, as tarefas desenvolvidas distribuíanse entre os diferentes membros da familia segundo dous criterios: a idade e, sobre todo, o xénero.

Os homes son os que saen ao mar, embarcando desde ben novos, con sete ou oito anos coa categoría de “rapaz”. A tripulación dun barco, formada polo patrón, os mariñeiros e os rapaces, estaba concibida como a estrutura dun taller artesanal en terra constituído polo mestre, os oficiais e os aprendices. O oficio de mariñeiro tivo durante a Idade Media o seu gremio agrupado nunha confraría baixo unha advocación relixiosa. Foron estas corporacións as que organizaron social e profesionalmente a actividade pesqueira e a vida nas vilas costeiras galegas cunha ampla lexislación contida nas ordenanzas e disposicións gremiais. Durante estes tempos tanto os barcos coma os aparellos pertencían aos propios mariñeiros aínda que, evidentemente, non era o mesmo ser propietario dun barco que dun pano de



rede: o reparto das ganancias en quiñóns estaba condicionado polos medios que cadaquén achegaba ao grupo.

As mulleres estaban ao cargo da casa, da horta e do gando que complementaban a actividade pesqueira. Participaban na actividade mariñeira saíndo a mariscar e vendendo os produtos obtidos da pesca. Tamén obtiñan importantes ingresos pola venda dos labores de encaixe. O comercio con América e especialmente coa illa de Cuba, chegou a acadar tal importancia que eran miles as palilleiras, mulleres e fillas de mariñeiros, que se dedicaban a este labor nas vilas costeiras galegas. Co desenvolvemento da industria de transformación do peixe as mulleres accederán ao traballo asalariado, primeiro nas fábricas de salga e despois nas de conserva. Aínda que eran a principal man de obra desta industria, os seus contratos, salarios e formación eran inferiores aos dos homes.



O CAMPO

O sector agrario pese a perder importancia relativa na Galicia actual, segue a ser decisivo dende o punto de vista económico e social. Mergullado nunha conxuntura de cambio, demanda solucións que se atopan ás veces nos coñecementos das vellas prácticas, aquelas que fixeron da agricultura galega tradicional unha agricultura eficiente durante séculos. Este sistema adoita definirse en base a un elemento singular e esencial: a integración produtiva policultivo-gandaría-monte.

O campo galego foi capaz de alimentar unha poboación cunha alta densidade demográfica á vez que permitiu a entrada de novos produtos e a práctica da actividade gandeira. Depende en gran medida dun elevado número de brazos, caracterízase pola intensificación do uso do solo agrario e da función produtiva do monte que é o soporte fundamental para a diversificación do policultivo.

O policultivo existente en Galicia ten, de todas as maneiras, unha serie de protagonistas que tamén coadxuvaron a transformar, en distintos momentos da Historia, o campo galego: a pataca e o millo modificaron o agro desprazando a castaña como alimento básico da dieta. O millo traído de América no século XVI introduciuse en Galicia no século XVII. De seguida se impuxo e levou á case total desaparición do millo miúdo ou paínzo (*Paniculum Miliaceum*), que era o cereal predominante ata entón e do que tomou o nome.

Á vez que o millo introdúcese tamén a pataca, o que supuxo unha renovación do sistema agrario galego xa que a rotación do cultivo do millo, outros cereais e a propia pataca aumentou o rendemento da terra. Os cambios que xurdiron deste sistema tiveron como consecuencia unha mellora na produción de alimentos.

Tamén era frecuente o cultivo en estivadas ou cavadas no monte, sobre todo do centeo. O monte era cavado, queimado, arado e sementado con centeo. Este é o único cereal que se dá neste tipo de terra sempre mesturada coa borralla procedente de queimar a vexetación. Pódense traballar grandes extensións que producirán durante algúns anos.



As prácticas silvícolas integradas no sistema agrícola tradicional fan do monte a base do mesmo. Os moitos usos que se lle dá en Galicia ao monte fai deste un terreo ao que en absoluto se pode considerar inculto. A práctica ausencia de fertilizantes minerais e químicos ata ben entrado o século XX facía imprescindible o uso de fertilizantes naturais. A partir do toxo e similares –o estrume– transformados a través das defecacións e a urina do gando, obtense un inmejorable fertilizante orgánico.





A cabana gandeira, ademais de prover do elemento transformador do estrume en esterco, servía de alimento e de auxilio nos traballos agrícolas. Así mesmo tradicionalmente os animais que tiraban polo carro eran os bois ou na súa falta as vacas. Polo tanto unha boa xugada de vacas era unha riqueza para unha familia. A vaca autóctona era de raza rubia galega, moito máis dura que as de orixe holandés ou suízo, pero pouco leiteira. Cando o leite pasou a ser máis importante que o traballo, substituíuse esta polas de raza frisona. Posteriormente a mestura deu lugar a unha raza negra menos enfermiza que a foránea e máis leiteira que a galega.

A partir do século XVIII comeza un longo proceso de incremento das superficies pratenses coa función de manter unha cabana gandeira en constante crecemento. Esta cabana viuse entón beneficiada polo sistema de regadío existente en Galicia. A pesar de poder cualificarse a auga como un recurso abundante, a utilización do regadío na agricultura galega constitúe unha realidade documentada cando menos desde a Alta Idade Media. Coas técnicas de rego compénsase a seca estival que afecta a gran parte do territorio galego mentres se conseguen uns maiores e mellores rendementos na produción do policultivo intensivo. A importancia do recurso hídrico evidénciase pola existencia de numerosos e variados sistemas de reparto das augas de rego nas aldeas cunha regulamentación emanada da propia comunidade.

